



**SOLICITUDE DE ACOLLEMENTO CON COMPROMISO DE ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS, AO ACORDO DE RÉXIMEN INTERNO DE MOBILIDADE VOLUNTARIA (EXPERIMENTAL) POR CAUSA DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL.**

<b>1.- CONDICIÓNS DO ACORDO.</b>	
<p>O Consello de Administración de Portos de Galicia na súa sesión do día 8 de xullo de 2010, nos termos que constan na correspondente acta e certificación do seu Secretario, e de acordo co artigo 13.b) do Regulamento do Ente Público tomou a decisión de aprobar o Acordo de Réximen Interno, de Mobilidade Voluntaria (experimental) por causa de conciliación da vida laboral e persoal”, conforme ás seguintes condicións:</p> <p>1./ Cada traballador destinado en oficinas de Portos de Galicia, poderá optar voluntariamente por desenvolver o seu posto de traballo habitual desde calquera das catro sedes de oficinas con que conta Portos de Galicia (en Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo e Pontevedra).</p> <p>2./ A opción anterior, en ningún caso implicará cambio de adscrición de posto de traballo, nin orgánica nin funcional, nin de dependencia de centro de traballo. Tampouco xerará para o traballador ningún dereito de indemnización polos gastos de todo tipo que orixine o exercicio da opción aquí regulada.</p> <p>3./ No exercicio da anterior opción o traballador deberá comprometerse, salvo causa xustificada, a manter o desempeño do seu posto de traballo habitual na sede elixida por un prazo mínimo dun ano natural.</p> <p>4./ Establecese un prazo de dous meses desde a sinatura deste acordo para a solicitude inicial da sede elixida, transcorrido dito prazo, o cambio da mesma deberá notificarse previamente ao Organismo cun prazo mínimo de dous meses antes do fin do ano en curso no intre de pretender o exercicio da opción.</p> <p>5./ A autorización deste réxime a cada traballador do Organismo supeditarase a que en todo caso, pola Dirección se informe que queda garantida e se manténa en todo momento a necesaria atención das necesidades de servizo e plena operatividade do correcto desempeño das funcións encomendadas ao posto de traballador. O Organismo non poderá modificar unilateralmente a dependencia física elixida polo traballador para o desempeño do seu posto de traballo habitual, agás por acreditadas e xustificadas causas de necesidades de servizo e/ou de notoria falta de operatividade do correcto desempeño das funcións de cada posto de traballo.</p> <p>6./ Este réxime de conciliación terá unha duración de 3 anos, transcorridos os cales o Consello de Administración procederá a decidir sobre a súa continuidade ou non, é de se-lo caso, en qué termos se producirá a mesma. De acordarse a supresión, o persoal acollido a esta medida procederá no prazo máximo dun mes a desenvolver o seu traballo na dependencia física de orixe no intre de acollerse á devandita medida.</p> <p>Se por calquera caso, ao cumprirse os tres anos, o Consello de Administración non tivera oportunidade de pronunciarse sobre a presente medida, a continuidade do o persoal afectado, baixo o réxime da mesma, non implicará de ningún xeito consolidación de ningún dereito ou condición persoal máis beneficiosa, por parte do mesmo.</p> <p>7./ Perante a duración desta medida, a Dirección do Organismo, actuará como observatorio dos efectos da mesma sobre a organización do traballo, a mellora da eficacia do mesmo e sobre cantas incidencias xurdan na implementación da mesma, ao efecto de informar ao Consello no intre de expiración dos tres anos de duración da mesma.</p> <p>8./ Facúltase ao Presidente do Consello para que dicte os acordos necesarias para a efectividade deste acordo, dando conta dos acordos que dicte a este Consello na inmediata sesión á data de adopción de tales acordos.</p>	
<b>2.- SOLICITUDE DO TRABALLADOR (destinado en oficinas de Portos de Galicia):</b>	
Nome : _____ Apelidos: _____ Posto de traballo: _____ Centro:            Santiago    Coruña    Lugo    Pontevedra	DEPENDENCIA PARA A QUE SE MOBE: _____ ANO NATURAL: _____
Pola presente solicito o acollemento ao Acordo de Réxime Interno de Mobilidade Voluntaria (experimental) por causa de conciliación da vida laboral e persoal e declaro responsablemente que acepto as condicións do antedito Acordo.  En _____ a _____ de _____ 201 _____  Fdo./	
<b>3.- INFORME DIRECCIÓN:</b>	Data:
-José Ignacio Villar García-	€ Favorable.
<b>4.- AUTORIZADO POLO PRESIDENTE:</b>	Data:
-José Manuel Álvarez-Campana Gallo-	

Conforme co artigo 9 do lei de creacion do organismo, e 17 do seu Regulamento, autorízase o presente formulario.

O Director,

